

MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE ESTUDOS DE DOUTORAMENTO PARA AMPLIAR OS SUPOSTOS DE BAIXA TEMPORAL NUN PROGRAMA

Tras a proposta do Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento, o Consello de Goberno na súa reunión do 22/04/2020,

ACORDA aprobar a modificación do artigo 27 do Regulamento de Estudos de Doutoramento sobre a baixa temporal nun programa de doutoramento que queda redactado do seguinte xeito:

“Artigo 27. Baixa temporal nun programa de doutoramento

- 1. Os estudantes en situación de enfermidade, embarazo ou de calquera outra causa de baixa prevista pola normativa vixente que queiran interromper o cómputo do tempo no programa de doutoramento, terán que solicitar a baixa temporal no programa.*
- 2. Así mesmo, os estudantes poderán solicitar a baixa temporal por razóns xustificadas non recollidas no punto 1. Esta solicitude poderán presentala una soa vez durante a súa permanencia nun programa de doutoramento.*
- 3. As solicitudes de baixa temporal serán por un período máximo dun ano, ampliable ata un ano máis.*
- 4. As solicitudes deberán ser xustificadas e dirixiranse á CAPD responsable do programa, que se pronunciará sobre da súa procedencia de acceder a lo solicitado. A Comisión Permanente da EIDUDC poderá revisar os ditos pronunciamentos para unificar os criterios aplicados polas CAPDs.*
- 5. As actividades desenvolvidas durante a baixa temporal non poderán incluírse no documento de actividades.*
- 6. Os períodos de baixa temporal non computarán no prazo de desenvolvemento da teses a que fan referencia os artigos 24 e 25 deste regulamento.”*